

de xuño de 2010, cómpre efectuar as seguintes modificacións:

1º.-Declarar exenta da realización da proba de coñecementos de lingua galega a Dovale Vilar, Sandra; DNI 34637934-A.

2º.-Incluír na lista de admitidos a:

-332 b Reinaldo Lusquiños, Mónica; DNI 77004571-L; L-S-S-N; disciplina 590105-formación e orientación laboral.

Resolución do 14 de xullo de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

A base 9 da Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo), pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Realizada esta baremación e resoltas as reclamacións presentadas contra a puntuación provisional, procede a súa publicación.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es> o día 20 de xullo de 2010, as puntuacións definitivas do baremo establecido na Orde do 11 de marzo de 2010.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se aproba a resolución definitiva do concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde convocado pola Resolución do 21 de xaneiro de 2010.

De conformidade co previsto na base 7.3 da Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG nº 27, do 10 de febreiro) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, á vista das reclamacións presentadas á resolución provisional do concurso de traslados, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Declarar resolto definitivamente o concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes ás categorías e especialidades de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde convocado pola Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG nº 27, do 10 de febreiro), nos termos que aparecen reflectidos no anexo desta resolución, ademais das listaxes correspondentes expostas na páxina web www.sergas.es

A estimación ou desestimación das devanditas reclamacións á baremación provisional entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-A publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* serviralles de notificación aos interesados.

Terceiro.-De conformidade co establecido na base 8.8 da convocatoria, a toma de posesión dos novos destinos adjudicados nesta resolución efectuarase de modo simultáneo á dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), e comezará a contar o 13 de setembro de 2010.

Cuarto.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán formular recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, ante este centro directivo.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde